Expediente: 2021/RPT/000001

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE PERSOAL DIRECTIVO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2021

O Concello de Pontevedra en virtude da Lei 4/2004, do 28 de xuño, da Comunidade Autónoma de Galicia declarou de aplicación ao Concello de Pontevedra o réxime previsto no título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (incorporado coa Lei 57/2003, de 16 de decembro, para a modernización do goberno local), para os concellos de gran poboación, aprobándose polo Pleno da Corporación os regulamentos orgánicos de goberno e administración, o do Pleno así como do Tribunal económico-administrativo do Concello de Pontevedra, publicado no BOP nº 248 de 28 de decembro.

A asunción deste novo modelo supuxo a aparición da figura do directivo no ámbito deste Concello. Existen unha pluralidade de cargos que teñen a condición de directivos de conformidade cos regulamentos orgánicos antes mencionados así como da citada Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL) e demais normativa de aplicación.

O artigo 33.2 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, determina que os postos que sexan cubertos por persoal directivo recolleranse nunha relación de postos directivos de contido análogo ao da relación de postos de traballo. Esta previsión supón unha novidade fronte a normativa anterior, na medida que ata esta lei non era obrigatorio dispoñer deste tipo de instrumento.

As relacións de postos directivos deben ter unha natureza similar ás relacións de postos de traballo, dado que constitúen unha manifestación da potestade de autoorganización do Concello de Pontevedra (artigo 4. a) da LBRL, reguladora de bases de réxime local). Esta potestade configúrase como unha discrecional da Administración. En materia organizativa o Concello goza dun amplo poder que lle permite configurar as unidades e servizos dos que está dotada para o cumprimento da súa misión, con liberdade e sen máis límites que o respecto da legalidade e a sumisión ao interese público, o cal tamén é de aplicación ao persoal directivo que decida crear esta entidade local.

Neste senso a xurisprudencia do Tribunal Supremo afirmou de modo reiterado que a "*potestade autoorganizativa que atribúe a estas a facultade de organizar os servizos na forma que estime máis conveniente para a súa maior eficacia, á que lle compete o mandato contido no artigo 103.1 da CE, sen trabas derivadas do mantemento de formas de organización que haxan podido amosarse menos adecuadas para a satisfacción dese mandato, potestade de autoorganización nas que a característica da discrecionalidade que domina o seu exercicio, …)*" (STS do 17 de novembro de 1997, sentenza do 2 de febreiro de 2000 e do 20 de setembro de 2000, etc, entre outras). A eficacia como principio constitucional esixe e impón a organización dos servizos conforme a este principio. Ou expresado noutros termos, o Concello non é libre de non organizar os servizos e unidades como queira senón conforme, entre outros principios, ao de eficacia.

A sentenza do TSX de Galicia de data 19 de decembro de 2018, afirma que "*en efecto, á Administración, no exercicio da súa potestade de autoorganizaicón, lle ven permitido reestruturar os postos de traballo, e sustituir uns por outros, e, en definitiva, lle ven permitido prescindir da estrutura organizativa definida en anteriores RPTs, ordeando os postos na forma que entenda máis idónea para a satisfacción do interese xeral no ámbito das súas competencias, de maneira que a nova estrutura e organización responda a necesidades actuais e reais da Administración, e con isto, á prestación efectiva dos servizos públicos*".

O TSX de Navarra en sentencia do 6 de novembro de 2003, afirmou que a "*configuración da plantilla orgánica entra dentro da potestade de autoorganización de servizos que corresponde a Administración*", chegándose a afirmar na sentenza de 13 de setembro de 2002 deste mesmo tribunal que "n*a creación de prazas existe unha ampla discrecionalidade administrativa ao ser unha materia vinculada á potestade de autoorganización que corresponde á Administración, sen que os funcionarios con carácter xeral teñan dereito a esixir a constitución das mesmas*". A xurisprudencia outórgalle unha ampla marxe de

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:3CKEJF8TRYCIZLIA

discrecionalidade á hora de configurar as prazas á Administración, naturalmente con suxeición a lei e os principios xerais do dereito, e polo tanto ao cadro de persoal, como instrumento que recolle todas as prazas da Administración. A configuración e concepción das mesmas debe ser a que mellor encaixe coas necesidades do servizos e as máis adecuadas para satisfacer os intereses xerais.

Na mesma liña exposta, o TSX de Castela e León de Valladolid en sentenza de 29 de marzo de 2009, afirma de modo claro e indiscutible que os entes públicos gozan de discrecionalidade á hora de confeccionar a relación de postos de traballo, que constitúe un dos instrumentos básicos por medio dos cales se leva a cabo aquela potestade de organización da Administración no réxime de función pública. Polo tanto, non so se ten discrecionalidade para intervir no cadro de persoal, senón tamén na relación de postos de traballo e dos postos de traballo para os que serve e obviamente estas consideracións son extensibles ao persoal directivo.

O exposto, tradúcese en que o Concello esta obrigado e facultado para modificar as estruturas organizativas da súa organización, modificando a relación de postos de traballo e a relación de postos directivos, cando o interese xeral así o esixa como manifestación da súa potestade discrecional de autoorganización.

O alcance da potestade de autoorganización foi posta de releve polo Tribunal Superior de Xustiza da nosa Comunidade Autónoma en sentenza do 21 de xaneiro de 2004, que sinala que "O *alcance da potestade de autoorganización, en síntese, alude ao conxunto de poderes dunha autoridade pública para a ordenación dos medios persoais, materiais e reais que se lle encomenden con obxecto de que sexa posible o exercicio de determinadas competencias e potestades públicas, entrando de cheo no que se denominan facultades discrecionais públicas, respecto das que a xurisdicción contencioso-administrativa tan só poderá fiscalizar a adecuación, do acto ou da disposición, ao ordenamento xurídico, pero non entran a valorar os criterios de oportunidade ou conveniencia implícitos no exercicio da mesma e isto salvo, acreditación de manifesta arbitrariedade que entrañe desviación de poder, pois sometida, como toda potestade a legalidade, os poderes para ordenar a organización non poden constituír, so pretexto de que estamos ante unha facultade reconducida ao ámbito doméstico, un coto exento da sumisión ao Dereito, unha patente de corso para alterar o réxime estatutario dos funcionarios públicos, pois tal proceder e concepción sería contrario ao artigo 9.1 e 103.1 da CE*".

A discrecionalidade o que esixe *"son motivación suficientes, discutibles ou non, pero considerables en todo caso e non meramente dunha calidade que o faga inatacable*"(SSTS de 13 de xullo de 1984, 21 de novembro de 1985, etc). A motivación da decisión administrativa é o "*auténtico elemento diferenciador entre a discrecionalidade e a arbitrariedad*e" (STSJ de Castilla e León de 29 de marzo de 2005).

A utilización da potestade de autoorganización como potestade discrecional o único que esixe e impón é que ademais de satisfacer os intereses públicos se motive, sen necesidade dunha motivación que sexa inatacable.

A relación de postos directivos, que constitúe un dos instrumentos dos que debe dispoñer o Concello para estruturar a súa organización, debe ser dinámico na medida que precisa adaptarse ás necesidades da Corporación para ser o máis eficiente e eficaz.

Conforme a normativa anterior e logo da tramitación do oportuno expediente, con data 30/09/2019 a Xunta de Goberno Local aprobou a relación de postos de traballo de persoal directivo do Concello de Pontevedra e do seu organismo autónomo, que se publicou no BOP núm. 196 do 11/10/2019.

Na actualidade existe a necesidade de tramitar o expediente para a modificación desta relación de postos de traballo do persoal directivo (en adiante, RPT de directivos) no senso de realizar os seguintes cambios:

1.-Supresión do posto de director/a xerente do Pazo de Congresos e Exposicións, co CDG 0006, adscrito á

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:3CKEJF8TRYCIZLIA

Presidencia do Pazo de Congresos e Exposicións.

Este posto de persoal directivo se atopa vacante desde do pasado 30/11/2020 logo da decisión municipal de desistimento do contrato de alta dirección formalizado para o desempeño das funcións directivas de directora xerente do organismo autónomo municipal, Pazo de Congresos e Exposicións, que se acordou pola Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 11/11/2020 tras a tramitación do oportuno expediente (2020/XENPER/000065) acordada a consecuencia da finalización da relación de confianza na que se fundamentaba devandita relación laboral de natureza especial de alta dirección e, así mesmo, da decisión do cambio na modalidade organizativa e de xestión das funcións propias do organismo autónomo Pazo de Congresos e Exposicións.

Por outra banda, con data 28/12/2020 o Pleno da Corporación acordou a disolución e supresión do organismo autónomo Pazo de Congresos e Exposicións (expediente 2020/XENSEC/000038), quedando extinguida a súa personalidade xurídica e derrogados os seus estatutos con efectos do día 31/12/2020.

En consecuencia, desde o día 01/01/2021 as funcións e competencias que tiña encomendadas o dito organismo autónomo se xestionan polo Concello de Pontevedra baixo a modalidade de xestión directa, adscrito á concellería competente en materia de cultura.

Así mesmo, de forma paralela e como consecuencia da decisión municipal de disolución do amentado organismo autónomo tramitouse un expediente de modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Pontevedra, na que se creou un novo Servizo de Infraestruturas Culturais, que integrou os postos da RPT do Pazo de Congresos e Exposicións a extinguir con efectos do 31/12/2020 e ao que se lle asignaron as funcións que ata dita data tiña encomendadas o organismo autónomo Pazo de Congresos e Exposicións.

O Servizo municipal de Infraestruturas se atopa adscrito a Área de Presidencia e Servizos Xerais, baixo a dirección xeral da Dirección Xeral de Urbanismo e Servizos Xerais, ao igual que o resto de Servizos adscritos a esta Área municipal.

Á vista da situación actual do posto directivo de director/a xerente do Pazo de Congresos e Exposicións derivada da decisión de desistimento empresarial do contrato de alta dirección da súa titular e, polo tanto, en situación de vacante desde o 30/11/2020, así como da disolución do organismo autónomo Pazo de Congresos e Exposicións, acordada polo Pleno da Corporación con efectos do 31/12/2020 e dado que o actual Servizo de Infraestruturas Culturais da RPT do Concello de Pontevedra está adscrita a unha área municipal que xa conta cunha dirección xeral (a Dirección Xeral de Urbanismo e Servizos Xerais), en virtude dos principios de economía e eficiencia, esta concellería delegada de Persoal e Cultura considera conveniente para os intereses municipais a decisión de suprimir o devandito posto directivo municipal recollido na RPT de persoal directivos, co CDG 0006, baixo a denominación director/a xerente do Pazo de Congresos e Exposicións e adscrito a Presidencia do Pazo de Congresos e Exposicións.

2.- Incorporación a RPT de directivos do posto de Presidente/a do Tribunal Económico Administrativo.

Proponse incorporar a RPT de persoal directivo un novo posto de directivo baixo a denominación Presidente/a do Tribunal Económico Administrativo, co CDG 0006, e coas características que se expoñen a continuación.

Este posto constitúe unha nova categoría de persoal directivo, distinta das categorías recollidas expresamente na lexislación vixente e postas de manifesto na parte expositiva do acordo de aprobación inicial da RPT de directivos adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 23/08/2019, como son os/as funcionarios/as de Administración local con habilitación de carácter nacional, os directores/as xerais, o director/a da Asesoría xurídica ou o director/a xerente do Pazo de Congresos e Exposicións (cuxo posto se

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:3CKEJF8TRYCIZLIA

propón suprimir polos motivos arriba expostos).

O Presidente/a do Tribunal Económico Administrativo intégrase no órgano do Tribunal Económico Administrativo regulado no artigo 127 da LBRL e no Regulamento orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Pontevedra, aprobado polo Pleno da Corporación o día 21/10/2005 e publicado no BOP num. 248, do 28/12/2005.

Respecto deste posto de Presidente/a do Tribunal Económico Administrativo (en adiante, Presidente do TEA) debe salientarse que inicialmente decidiuse non incluílo na RPT de persoal directivo do Concello de Pontevedra ao considerar que segundo a súa configuración legal este posto non se correspondía con ningún órgano de carácter directivo dos recollidos no artigo 130 da LBRL nin se podía desprender esta condición directiva do resto de artigos do título X da mesma LBRL, incorporado pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

Non obstante, con posterioridade, coa finalidade de determinar cal debe ser o instrumento de ordenación de postos de traballo no que se ten que recoller este posto consonte a normativa vixente, si na RPT do Concello de Pontevedra e do seu Organismo autónomo ou, pola contra, si na RPT do persoal directivos, na tramitación da modificación da RPT do Concello para o ano 2020 (o cal se levou a cabo no expediente 2020/RPT/000001) requiriuse un informe relativo a esta cuestión á Asesoría Xurídica Municipal, que con data 28/01/2020 emitiu un informe que se incorpora ao expediente a modo de motivación da presente proposta e no que, logo dunha extensa exposición do réxime xurídico do órgano do Tribunal Económico Administrativo e do posto de Presidente do TEA, conclúe o seguinte:

"(...)

CONCLUSIÓN.

Á vista das consideracións expostas neste informe e a configuración mantida neste Concello da figura do Presidente do Órgano municipal de resolución das reclamacións económico-administrativas, enténdese que este cargo debe recollerse e quedar ordenado dentro da Relación de Postos de Traballo do persoal directivo municipal.

(...)"

Logo de examinar o informe da Asesoría Xurídica decidiuse non incluír o posto do Presidente/a do TEA na RPT do Concello de Pontevedra e o seu organismo autónomo para o ano 2020 aprobada pola Xunta de Goberno Local no expediente 2020/RPT/000001 (expediente no que se requiriu e no que se incorporou o referido informe), quedando pendente da súa inclusión na Relación de Postos de Traballo de persoal directivo do Concello de Pontevedra e o seu organismo autónomo.

Por outra banda, o actual titular do posto de Presidente do TEA formulou un recurso contencioso administrativo formulado polo contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/09/2019 de aprobación definitiva da RPT de persoal directivo do Concello de Pontevedra e o seu organismo autónomo e no que se desestimaron as alegacións presentadas polo mesmo titular en contra da súa exclusión da RPT de persoal directivo. A consecuencia deste recurso e, especialmente da documental achegada polo recorrente consistente no amentado informe da Asesoría Xurídica municipal de data 28/01/2020 e os posteriores acordos da Xunta de Goberno Local de aprobación inicial e definitiva da RPT do Concello de Pontevedra e o seu organismo autónomo para o ano 2020, o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 de Pontevedra no que se substancia o referido contencioso suspendeu a vista do xuízo e concedeulle ao Concello un prazo para formular as alegacións que a dereito conveñan, ante o que, previo informe do Xefe da Asesoría Xurídica de data 07/11/2020, a Xunta de Goberno Local con data 09/11/2020 acordou o seguinte:

"(...)

C) TOMA DE COÑECEMENTO DE INFORME DE 07.11.2020 NO PROCEDEMENTO ABREVIADO 391/2019 DO XULGADO DO CONTENCIOSOADMINISTRATIVO TRES DE PONTEVEDRA. CÓDIGO EXPEDIENTE: 2019/COMPARECENCIA/000131.

Visto o informe do letrado da Asesoría Xurídica Municipal de data 07.11.2020, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, toma coñecemento do contido do referido informe e acorda o seguinte:

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:3CKEJF8TRYCIZLIA

1º.- Que de conformidade co informe da Asesoría Xurídica de data 28.01.2020 se proceda a realizar os trámites precisos para incorporar o posto de Presidente do Tribunal Económico Administrativo á relación de postos de persoal directivo do Concello de Pontevedra, debendo procederse á modificación desta relación no que además da súa incorporación se proceda á supresión do posto de Director Xerente do Organismo Autónomo. A aprobación inicial deberá producirse antes dos tres meses da adopción do presente acordo.

2º.- Dar traslado do presente acordo á Asesoría Xurídica e ao Servizo de Persoal.

(...)"

En consecuencia co anterior, consonte o informe da Asesoría Xurídica de data 28/01/2020 (cuxa copia se une ao expediente a modo de motivación do presente acordo) e en cumprimento do reproducido acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/11/2020 (únese ao expediente así mesmo copia do dito acordo e do informe da Asesoría Xurídica de data 07/11/2020, procede considerar ao posto de Presidente/a do TEA como un posto de carácter directivo (xunto ao resto de membros do Tribunal Económico Administrativo que xa teñen esta condición directiva) que debe incluírse na RPT de persoal directivo do Concello de Pontevedra.

As características deste posto se configuran con base ao disposto no artigo 137 da LBRL, no Regulamento Orgánico regulador do Tribunal Económico Administrativo, así como o establecido nos acordos municipais relativos as retribucións do persoal directivo do Concello de Pontevedra como son o acordo do Pleno da Corporación de determinación das retribucións dos órganos directivos aprobado con data 15/07/2019 (vixente na actualidade) e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/11/2011 no que se estableceron as retribucións do persoal directivo para o ano 2011 publicado no BOP núm. 02/02/2011 (de referencia ao ser o derradeiro acordo municipal no que se establecen as características retributivas do posto de Presidente do TEA, en calidade de persoal directivo municipal, circunstancias retributivas que, sen prexuízo das actualizacións correspondentes as leis de orzamentos xerais do Estado de cada ano se manteñen na actualidade, como se analiza mais adiante con mais profundidade).

O Órgano do Tribunal Económico Administrativo é un órgano de existencia necesaria en calidade de órgano especializado para o coñecemento das reclamacións económico administrativas de acordo co artigo 137 da LBRL. Segundo o mesmo artigo 137 e consonte o artigo 5 do Regulamento Orgánico do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Pontevedra (en adiante, ROTEACP), este órgano estará composto por tres membros designados polo Pleno, de entre os cales, segundo o artigo 5.2 do ROTEACP, a Xunta de Goberno Local designará, a proposta do concelleiro de facenda, dous vocais e un Presidente.

Así, ao abeiro do artigo 5 do ROTEACP, o Presidente do TEA é **un posto de existencia necesaria no Concello de Pontevedra** e ten as atribucións recollidas no artigo 8 do TEA.

De acordo co citado artigo 8 **as funcións do posto de Presidente do TEA** serán as seguintes:

a) Ostentar a representación do Tribunal Económico-Administrativo Municipal.

b) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.

c) Acordar a convocatoria das sesións e a fixación da orde do día, tendo en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros formuladas coa suficiente antelación.

d) Dirimir co seu voto os empates, para os efectos de adopción de acordos.

e) A dirección e impulsión da actividade do Tribunal Económico-Administrativo Municipal

f) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.

g) Redactar os relatorios de resolución ou dos fallos cando lle corresponda.

Ao abeiro do artigo 5.1.a) do ROTEACP o titular do Posto de Presidente do TEA, en calidade de membro do Tribunal Económico Administrativo, deberá estar en posesión da titulación de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente, que se corresponden con escalas ou corpos do subgrupo A1, polo que **este posto se clasifica no grupo A, subgrupo A1**.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:3CKEJF8TRYCIZLIA

Así mesmo, o apartado b) do mesmo artigo 5 establece como requisito para ser membro do TEA ostentar a condición de funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais que reúnan os requisitos de titulación recollidos no apartado a) do mesmo artigo. En consecuencia e ao igual que o resto dos postos de persoal directivo do Concello de Pontevedra, o posto de presidente do TEA **se reserva a persoal funcionario dunha das distintas categorías arriba sinaladas.**

Finalmente, o último requisito dos membros do TEA, e como tal do seu Presidente, establecido na letra c) do artigo 5.1 é que acrediten unha recoñecida competencia en materia tributaria. Así mesmo, segundo o mesmo artigo 5 e o artigo 137 da LBRL a designación dos membros do TEA se fará entre funcionarios de recoñecida competencia técnica, debendo por tanto establecerse como **requisito para o desempeño do posto de Presidente/a do TEA ostentar unha recoñecida competencia técnica en materia tributaria,** necesarias para o desenvolvemento das funcións e atribucións que lle corresponden tanto en calidade de Presidente do tribunal de acordo co citado artigo 8 do ROTEACP e arriba reproducidas, como as funcións legais e regulamentarias asignadas ao propio Órgano do Tribunal Económico Administrativo do que é membro: coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos de xestión, liquidación recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público competencia do Concello de Pontevedra; ditame dos proxectos de ordenanzas fiscais do Concello ou a elaboración de estudios e propostas en materia tributaria a requirimento dos órganos municipais competentes do Concello de Pontevedra.

O sistema de provisión deste posto de Presidente/a do TEA será o de Libre designación, como o do resto do persoal directivo municipal. Esta forma de provisión é a que se desprende da regulación da designación e do cese dos membros do TEA e, polo tanto, do seu Presidente, no artigo 137 da LBRL e dos artigos 5 e 7 do ROTEACP, que establecen que serán designados polo Pleno da Corporación, co voto favorable da maioría absoluta dos membros que legalmente o integren, de entre persoas que reúnan os requisitos recollidos no artigo 5, xa sinalados. Pola súa parte, o titular do posto de Presidente do TEA será designado de entre os membros do TEA pola Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro que teña atribuídas competencias en materia de facenda. Finalmente o cese dos membros do TEA (e polo tanto do titular do posto de Presidente do TEA) procederá nos casos recollidos no artigo 7 do ROTEACP.

Pola súa parte, respecto do persoal directivo, o artigo 13 do Real decreto lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, dispón no seu apartado segundo que a designación do persoal directivo atenderá aos principios de mérito e capacidade e a criterios de idoneidade, e se levará a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e concorrencia. Similar previsión contemplase no artigo 34 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.

A estes efectos, sobre o persoal directivo local, convén lembrar o determinado polo Tribunal Superior de Xustiza da Castela A Mancha en sentenzas do 8 de febreiro e 7 de maio de 2010, que afirmou "*El EBEP se inclina claramente por el nombramiento de este tipo de personal en el que se conjuguen razones de confianza con la posesión de ciertos requisitos de capacidad y mérito ya acreditados, más que por un sistema abierto de selección*".

No tocante aos **requisitos, méritos, capacidades e, de ser o caso, a experiencia ou categoría profesional a exixir para a súa provisión**, debe reiterarse ao igual que se sinalou coa aprobación da RPT do persoal directivo, que cando o sistema de provisión sexa o de libre designación nas relacións de postos de traballo non se ten que fixar os méritos e capacidades porque nestes procedementos non se ten que establecer ou predeterminar un baremo de méritos como se fose un concurso, senón que o se esixe é que a decisión de adxudicación dun posto mediante libre designación sexa motivada, debendo incluír esta motivación dous extremos: os criterios de interese xeral elixidos como prioritarios para decidir o nomeamento e cales son as cualidades ou condicións persoais e profesionais que foron consideradas no funcionario nomeado para apreciar que aqueles criterios concorren nel en maior medida que o resto de solicitantes. A estes efectos, é ilustrativa a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 2 de marzo de 2016, e tamén pode verse a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid do 25 de novembro de 2016.

Non obstante, considérase que ao mesmo tempo que para o resto dos postos de persoal directivo si se deben establecer os méritos e capacidades do posto de Presidente do TEA, os cales, con carácter xeral constituirán os criterios ou parámetros para elixir ao candidato idóneo na provisión do posto polo sistema de libre designación.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:3CKEJF8TRYCIZLIA

Así, no caso do Presidente do TEA, xunto aos requisitos establecidos nos citados artigo 137 da LBRL e artigo 5 do ROTEACP, establécese que se valorará a experiencia en postos que teñan entre as súas funcións a xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público así como tarefas de informe ou redacción de ordenanzas fiscais nas diferentes administracións públicas. A experiencia para o desempeño deste posto é fundamental pola relevancia das funcións a desempeñar.

En canto **aos complementos retributivos do posto do Presidente/a do TEA**, sinálase que, no caso dos postos directivos reservados a funcionarios da actual RPT de directivos o complemento retributivo do posto esta facendo referencia ao complemento de destino e o complemento específico.

Cómpre recordar que o Pleno da Corporación, o día 15 de xullo de 2019 aprobou o acordo relativo ás retribucións dos órganos directivos (acordo publicado no BOP núm. 143, do 29/09/2019), que dispón o seguinte:

"*PRIMEIRO.- Excepto ao disposto para o posto de Director Xerente, as retribucións fixas dos órganos directivos do Concello de Pontevedra estarán integradas:*

a) Polas retribucións básicas nos termos expresados polo artigo 143 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.
b) Polas retribucións complementarias, que incluirán o complemento de destino e o específico propio dos funcionarios públicos.
c) Polas pagas extraordinarias que serán dúas ao ano, nos meses de xuño e decembro, que estarían formadas polo importe do soldo e trienios que fixe a normativa de orzamentos Xerais do Estado para cada ano para os funcionarios do subgrupo A1 e unha mensualidade do complemento de destino.
d) O importe do complemento específico percibirase en 14 pagas, dúas das cales se aboarán nos meses de xuño e decembro.

SEGUNDO.- O complemento de destino dos órganos directivos aos que fai referencia o punto primeiro deste acordo o determinará a Xunta de Goberno Local, que non poderá ser inferior a 28 nin superior a 30 que lle corresponde aos funcionarios de carreira.

TERCEIRO.- O complemento específico dos órganos directivos aos que fai referencia o punto primeiro deste acordo o determinará a Xunta de Goberno Local non podendo ser de contía inferior a 24761,94 nin superior aos postos reservados á funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional que maior complemento específico perciben.

CUARTO.- Determinar e fixar que as retribucións dos órganos directivos do Concello de Pontevedra aos que fai referencia o punto primeiro deste acordo deberán variar no que se refire as retribucións básicas, pagas extraordinarias e complemento de destino, conforme as contías que se indique en cada momento pola normativa retributiva dos funcionarios públicos. En canto a variación do complemento específico, excepto que a Xunta de Goberno Local acorde o contrario, variaran na mesma porcentaxe e segundo os mesmos criterios que o resto do persoal do Concello debendo aplicarse coa mesma data en que produzan efectos as variacións das do resto do persoal municipal.

(...)"

Pois ben, de conformidade cos apartados SEGUNDO E TERCEIRO do devandito acordo Plenario, as retribucións complementarias dos postos de persoal directivo municipal incluirán **o complemento de destino** (que estará entre o nivel 28 e o nivel 30), cuxos importes serán os previstos na normativa xeral do Estado cada ano **e o complemento específico dos postos** que non pode ser inferior nin superior as cantidades arriba reproducidas (*non podendo ser de contía inferior a 24761,94 nin superior aos postos reservados á funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional que maior complemento específico perciben)*.

Así mesmo, en canto as retribucións básicas estarase ao disposto no artigo 143 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:3CKEJF8TRYCIZLIA

Por outra banda, segundo o artigo 6.3 do ROTEACP, os membros do TEA e como tal o do seu Presidente, en caso de dedicación plena (como é o caso deste posto), percibirán as retribucións correspondentes ao seu posto de traballo previstas na Relación de Postos de Traballo do Concello de Pontevedra.

Ao incorporar o posto a RPT de persoal directivo, será este instrumento o que determine as súas retribucións segundo as previsións do Orzamento Xeral do Concello (como establece o artigo 6.1 do ROTEACP) e as directrices aprobadas polo Pleno da Corporación ao abeiro do disposto no artigo 123.2.n) da LBRL, actualmente recollidas no acordo Plenario de data 15/07/2021 arriba reproducido.

Consonte o anterior, o posto de Presidente/a do TEA, dado que vai estar desempeñado por un/ha funcionario/a do grupo A, subgrupo A1, percibirá as retribucións básicas que lle correspondan segundo a lexislación vixente de acordo co establecido no artigo 143 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.

En canto aos complementos de destino e específico a asignarlle a este posto, mantense as mesmas condicións correspondentes as retribucións complementarias asignadas ao posto de Presidente do TEA desde a súa creación, como son o nivel de complemento de destino 28 e a contía asignada na actualidade en concepto de complemento específico a este posto municipal: 25.546,75.-€, que se corresponde coa contía establecida no derradeiro acordo de determinación da súas retribucións aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 17/01/2011 (publicado no BOP núm. 22 do 02/02/2011) logo da súa actualización anual segundo as variacións retributivas aplicadas en virtude das diferentes Leis de orzamentos xerais do Estado dos diferentes anos, incluíndo a subida anual do 0,9€ aprobada para este ano 2021 pola Lei 11/2021, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.

Procede sinalar que as condicións retributivas asignadas a este novo posto da RPT de directivos cumpren co réxime retributivo acordado polo Pleno da Corporación con data 15/07/2019 para o persoal directivo municipal.

Así mesmo, cómpre recordar que para fixar as contías das retribucións dos postos directivos non ten que existir valoración de postos de traballo, non obstante, na súa fixación debe explicarse como se determinou a contía destes, que debe ser razoable e proporcional. Neste senso, na determinación do complemento de destino optase por manter as mesmas condicións retributivas que actualmente ten asignadas o posto de Presidente do TEA do Concello de Pontevedra sen que se considere a necesidade de variar estas condicións retributivas pola súa incorporación a RPT do persoal directivo do Concello de Pontevedra, mantendo así mesmo este posto as mesmas funcións que ata o de agora estaba a realizar o seu titular.

En consecuencia, a incorporación deste posto de Presidente do TEA na RPT de persoal directivo do Concello de Pontevedra non supón incrementos de custos para o Concello.

Finalmente, **o posto de Presidente/a do TEA adscríbese organicamente a área de Presidencia e Servizos Xerais**, de forma igual que o resto dos postos de persoal directivo do Concello.

3.- Na presente modificación procédese a actualizar as contías dos complementos específicos dos postos recollidos na RPT de persoal directivo, en virtude do previsto no apartado cuarto do acordo plenario de data 15/07/2019 arriba reproducido e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/01/2021, polo que se aprobou a aplicación ao persoal funcionario e laboral do Concello de Pontevedra incremento retributivo do 0,9% nos complementos específicos, ao abeiro do artigo 18 da Lei 11/2021 de orzamentos xerais do Estado, con efectos do 01/01/2021.

4.- Finalmente, actualízanse as situacións (ST) dos postos de persoal directivo a súa realidade na data de emisión da proposta de modificación da RPT de directivos.

En canto a competencia para aprobar a relación de postos directivos, estimase que como é unha relación de postos de traballo aínda que limitada aos órganos directivos desta entidade local e na medida que parece que a intención do lexislador galego é que se asimilen ás relacións de postos de traballo, dado que deben

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:3CKEJF8TRYCIZLIA

ter un contido análogo, estimase que a súa aprobación ou modificación debe ser competencia do mesmo órgano que aproba as relacións de postos de traballo e ese, non é outro, que a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local. En todo caso, aínda que non tivera encaixe nesta competencia, o órgano competente para aprobar esta relación de postos debe ser igualmente a Xunta de Goberno Local, en virtude da competencia residual en materia de persoal, ao non atribuírse expresamente esta competencia a ningún órgano (a Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local lle atribúe todas as decisións en materia de persoal a este órgano sempre non estean expresamente atribuídas a outro)

En canto ao procedemento de aprobación desta relación de postos directivos, non aparece regulado, o cal podería facer pensar que o máis adecuado é que se adopte un acordo único de aprobación. Non obstante, como xa se indicara, a intención do lexislador parece ser que se asimilen estes instrumentos ás relacións de postos de traballo, polo que se estima que o máis adecuado é seguir o procedemento de aprobación deste instrumento regulado no artigo 202 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia para as entidades locais, o que implica que exista aprobación inicial, exposición pública e aprobación definitiva.

A presente modificación da RPT de persoal directivo do Concello de Pontevedra entrará en vigor o día seguinte a súa publicación íntegra no BOP, logo da súa aprobación definitiva.

Constan no expediente informes do Servizo de Persoal (incorporado a proposta inicial desta concellería), do OXOC e da Intervención Xeral Municipal.

A vista de todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a seguinte modificación da relación de postos directivos do Concello de Pontevedra para o ano 2021, quedando redactado na forma que figura no anexo I, para que entre en vigor con efectos do día seguinte ao da súa publicación integra no BOP logo da súa aprobación definitiva:

- Suprimir o posto de director/a xerente do Pazo de Congresos e Exposicións, co CDG 0006, adscrito á Presidencia do Pazo de Congresos e Exposicións.
- Incluír o posto de Presidente/a do Tribunal Económico Administrativo co CDG 0006 e coas condicións e características recollidas no anexo I deste acordo.
- Actualizar as contías dos complementos específicos dos postos recollidas no anexo I, segundo o incremento previsto no artigo 18 da Lei 11/2020 de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.
- Actualizar as situacións dos postos a realidade actual dos postos directivos do Concello de Pontevedra.

Segundo.- Dispoñer que na tramitación da relación de postos directivos se siga o disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, e en consecuencia, o anuncio de información pública do presente acordo de aprobación inicial da relación de postos directivos, exporase á ao público no taboleiro de anuncios deste Concello durante 20 días hábiles así como no Boletín Oficial da provincia, a fin de que se poida examinar o expediente, e presentar as reclamacións, suxestións ou alegacións que se estimen oportunas. O prazo de 20 días hábiles contará a partir da publicación do anuncio de información pública no Boletín Oficial da provincia.

Terceiro.- Considerar aprobada definitivamente a modificación da relación de postos directivos do Concello de Pontevedra, no caso de que non se presentasen reclamacións, suxestións ou alegacións no prazo establecido para elo. En caso contrario, a relación de postos directivos deberá ser obxecto de aprobación definitiva de forma expresa, logo da resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas. A modificación da relación de postos directivos entrará en vigor con efectos do día seguinte a súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia.

Cuarto.- Proceder, unha vez se aprobe definitivamente a modificación da relación de postos directivos do Concello de Pontevedra, á súa publicación íntegra no Boletín oficial da provincia así como remitir copia desta aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, entrando en vigor con efectos do día seguinte a dita publicación íntegra no Boletín oficial da provincia.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:3CKEJF8TRYCIZLIA

Pontevedra, na data da sinatura electrónica
A concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura,

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:3CKEJF8TRYCIZLIA

ANEXO I
RELACIÓN DE POSTOS DIRECTIVOS
ANO 2021

PERSOAL DIRECTIVO (DIR)														
Cód.	Denominación	Dot.	Clasificación profesional requirida	Requisitos legais para prover os postos	FP	RB	C.D.	C.E.	CP	Méritos e capacidades	ADMIN	FE	ST	Observacións
0	Área de presidencia e servizos xerais													
0001	Director/a da Asesoría Xurídica	1	corpos ou escalas para cuxo ingreso se requira título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente	1. Licenciado en dereito. 2. Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais aos que se esixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.	LD	As que correspondan a funcionarios de carreira de conformidade co artigo 143 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia	30	36187,31 euros		1. Experiencia en postos que teñan entre as súas funcións o asesoramento xurídico ou en representación e defensa en xuízo de administracións públicas de como mínimo de dous anos, que poden ser continuos ou discontinuos. 2. Competencias no eido xurídico	ALXE		T	
0002	Director/a Xeral de Urbanismo e Servizos Xerais	1	corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1	Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais que pertenzan a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A	LD	As que correspondan a funcionarios de carreira de conformidade co artigo 143 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia	30	28948,58 euros		Competencias e experiencias no ámbito do sector público en xestión de recursos humanos ou dirección de persoal ou desempeño de postos directivos ou xestión de unidades de urbanismo ou servizos xerais. Como mínimo deberá terse esas experiencias durante dous anos que poden ser continuos ou discontinuos.	ALXE		T	
0003	Director/a Xeral de Mobilidade	1	corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1	Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais que pertenzan a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A	LD	As que correspondan a funcionarios de carreira de conformidade co artigo 143 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia	30	28948,58 euros		Competencias e experiencias no ámbito do sector público en xestión de recursos humanos ou dirección de persoal ou desempeño de postos directivos ou xestión de unidades de unidades de mobilidade, proxectos ou obras. Como mínimo deberá terse esas experiencias durante dous anos que poden ser continuos ou discontinuos.	ALXE		T	Ademais das funcións do artigo 45 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra en relación á área de medio ambiente proxectos e obras, terá as funcións do artigo 45 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra en relación aos proxectos, obras e instalacións e todo o que este relacionado co mantemento e conservación dos edificios e instalacións adscritos ou que dispoña o organismo

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:3CKEJF8TRYCIZLIA

PERSOAL DIRECTIVO (DIR)														
Cód.	Denominación	Dot.	Clasificación profesional requirida	Requisitos legais para prover os postos	FP	RB	C.D.	C.E.	CP	Méritos e capacidades	ADMIN	FE	ST	Observacións
0	Área de presidencia e servizos xerais													
														autónomo de Pazo de Congresos e Exposicións e, en particular, a coordinación, supervisión e dirección de proxectos, obras e instalacións e todo o relativo a conservación e mantemento destes edificios e instalacións.
0004	Director/a Xeral de Protección Cidadá	1	corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1	Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais que pertenzan a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A	LD	As que correspondan a funcionarios de carreira de conformidade co artigo 143 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia	30	28948,58 euros		Competencias e experiencias no ámbito do sector público en xestión de recursos humanos ou dirección de persoal ou desempeño de postos directivos ou xestión de unidades de Policía Local ou Prevención e EXtinción de Incendios. Como mínimo deberá terse esas experiencias durante dous anos que poden ser continuos ou discontinuos.	ALXE		T	
0005	Director/a Xeral de Recursos Humanos	1	corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1	Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais que pertenzan a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A	LD	As que correspondan a funcionarios de carreira de conformidade co artigo 143 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia	30	28948,58 euros		Competencias e experiencias no ámbito do sector público en xestión de recursos humanos ou dirección de persoal ou desempeño de postos directivos ou xestión ou participación en unidades de persoal. Como mínimo deberá terse esas experiencias durante dous anos que poden ser continuos ou discontinuos.	ALXE		T	
0006	Presidente/a do Tribunal Económico Administrativo	1	corpos ou escalas clasificados no subgrupo A1	Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais que pertenzan a corpos ou escalas clasificados no subgrupo A	LD	As que correspondan a funcionarios de carreira de conformidade co artigo 143 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia	28	25546,75 euros		Competencia técnica en materia tributaria e experiencia en postos que teñan entre as súas funcións a xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público así como tarefas de informe ou redacción de ordenanzas fiscais nas diferentes administracións públicas. A experiencia para o desempeño deste posto é fundamental pola relevancia das funcións a desempeñar.	ALXE		T	

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:3CKEJF8TRYCIZLIA

CLAVES EMPREGADAS E O SEU SIGNIFICADO

1) DENOMINACIÓN DO POSTO.

Utilízanse as denominacións do posto directivo.

2) DOT = DOTACIÓN.

Significa o número de postos de traballo que se agrupan nunha soa liña nos que concorre idéntica denominación, requisitos e características incluídas as retribucións complementarias.

3) VIN = VINCULACIÓN.

Indica a vinculación do persoal coa Administración municipal: Directivo (DIR).

4) FP = FORMA DE PROVISIÓN.

A FP normal dos postos directivos é a de libre designación (na clave se porá LD).

5) RB= RETRIBUCIÓNS BÁSICAS.

As retribucións básicas do posto identifícanse coa clave RB.

6) CD= COMPLEMENTO DE DESTINO

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:3CKEJF8TRYCIZLIA

Reflicte o nivel asignado a cada posto, cando procede, para os efectos da percepción do complemento de destino que se corresponde co de funcionario de carreira.

7) CE= COMPLEMENTO ESPECÍFICO.

Reflicte o importe anual en euros do complemento específico global asignado ao posto.

8) CP= COMPLEMENTO DO POSTO.

No caso do posto de Director/a Xerente ten asignado como retribución complementaria a de complemento do posto (a clave é a de CP).

9) ADM= ADMINISTRACIÓN.

En Administración indícase se os postos están abertos a provisión por persoal que non forma parte do Concello de Pontevedra. Se están reservados a provisión por persoal do Concello de Pontevedra ponse a clave AL e se están abertos a provisión por persoal que non forma parte do Concello de Pontevedra ponse ALXE.

10) FE= FORMACIÓN ESPECÍFICA.

11) ST = SITUACIÓN.

Nesta columna exprésase a relación do ocupante co posto de traballo: (V) = Vacante; (T) = Desempeñado por funcionario de carreira; (P) = Desempeñado por persoal non funcionario de carreira; e (E) = Outras situacións administrativas. Na columna as letras van precedidas do guarismo que indica o número de postos que se encontran en cada situación cando os mesmos se reflicten de forma agrupada.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A concelleira de persoal e cultura

María do Carmen Fouces Díaz

Asinado por: MARÍA DO CARME FOUCES DIAZ
Servizo: ALCALDÍA
Cargo: CONCELLEIRA
Data: 15/02/2021
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:3CKEJF8TRYCIZLIA